

**A nosa ref: 10 ADL**

**Asunto: aprobación das bases do “Rasca e gaña” no Nadal da Campaña de dinamización comercial do Nadal 2021 - 2022 do Concello de Cambre**

**Expediente: 2021/G003/001842 - 2021/G003/000752**

## **RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Dende o ano 2003 o concello de Cambre ven desenvolvendo campañas específicas para dinamizar o comercio durante o período de Nadal, nas que se poñen en marcha programas e actuacións variadas. A planificación, xestión e execución destas campañas correspondeulle dende o seu comezo á Axencia de Desenvolvemento Local do concello de Cambre, departamento encargado da promoción económica e empresarial do municipio.

Visto o informe proposta da aprobación da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal 2021 - 2022 de data 12 de maio do presente, asinado polo técnico de promoción económica e co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, no que se contemplaba a subcampaña do “Rasca e gaña no Nadal” para os establecementos comerciais, de servizos persoais e de hostalería de Cambre e que neste informe proposta se indicaba que para o correcto desenvolvemento da campaña do “Rasca e gaña no Nadal” se elaborarían unhas bases obxecto de aprobación polo concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico que se publicarían, alomenos, na páxina web do Concello, e que se repartirían igualmente entre os establecementos participantes na Campaña, para facilitar a súa execución.

Visto que no informe de referencia se contemplaba, co obxectivo de achegar as novas tecnoloxías da información e das comunicacións á xestión dos establecementos e a integralas na súa relación coa administración, a realización da xestión dos bonos do “Rasca e gaña” ou de parte dos mesmos acudindo a unha aplicación informática que xerará os “Rasca e gaña” a partir de códigos QR ou tecnoloxías similares.

Visto que se fai especialmente relevante a introdución das novas tecnoloxías da información e das comunicacións na xestión desta subcampaña, para diminuír os tempos de posta a disposición dos “Rasca e gaña” e o seu posterior cobro, xa que producir os “Rascas e gaña” coa mesma configuración que ata o de agora viñan tendo (impresos a varias tintas, con tintas indelebles, precisando dun elevado tempo de elaboración), podería derivar na necesidade de revisar a data contemplada para comezar coa Campaña, optándose nestas bases por unha modalidade mais sinxela e rápida de produción dos bonos en formato físico, que están chamados a desaparecer (bonos con códigos QRs únicos impresos directamente nos mesmos).

Visto que os establecementos de hostalería poden ser unha boa vía de acceso á dinamización das compras no comercio e nos servizos mediante a entrega de bonos para gastar neste tipo de establecementos durante a Campaña, estimándose conveniente que podan entregar este tipo de bonos, ademais dos que conteñan recompensas directas.

Visto que é preciso continuar co desenvolvemento das competencias municipais en materia de promoción no termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións, consagrado no artigo 25.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a necesidade de promover o consumo no comercio local entre os/as residentes do concello e de incrementar a súa competitividade e atractivo para incentivar as vendas deste importante sector da economía local durante a campaña de Nadal, xa que nesta data se concentra unha parte moi importante do volume de ingresos de todo o exercicio económico, acadándose cifras de facturación moi elevadas que, nalgúns caso, constitúen a base da supervivencia empresarial para o resto do ano.

Vista a miña resolución nº 722/2021 do 12 de maio do 2021 pola que se aprobou a realización da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal 2021 - 2022 así como o gasto correspondente, por un importe total de cincuenta e cinco mil catrocentos cincuenta euros (55.450,00 €), imputables vinte oito mil euros (28.000,00 €) á aplicación orzamentaria “433 22699 Outros gastos diversos promoc. activ. económica”, vinte e catro mil novecentos cincuenta euros (24.950,00 €) á aplicación orzamentaria “433 48100 Becas e premios promoción empresarial” e dous mil cincocentos euros (2.500,00 €) á aplicación orzamentaria “433 22602 Publicidade e propaganda desenvolvemento empresarial”, cos RCs de operacións 220210004118, 220210004124 e 220210004119, sentados no Libro Diario de Contabilidade Presupuestaria con data 10/05/2021 por importe total de cincuenta e cinco mil catrocentos cincuenta euros (55.450,00 €).

Visto que existe crédito no actual orzamento municipal.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, **RESOLVO:**

**Primeiro:** aprobar as bases da subcampaña do “Rasca e gaña no Nadal 2021 - 2022” dentro da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal do Concello de Cambre, tal e como se transcribe de seguido, así como a súa convocatoria e anexos.

### **Bases de desenvolvemento e condicións da participación na acción de promoción comercial “Rasca e Gaña no Nadal”**

O Concello de Cambre pon en marcha a acción de dinamización comercial “Rasca e gaña no Nadal” nos establecementos comerciais, de servizos persoais e de hostalería, dentro da súa campaña de Nadal 2021 - 2022, segundo as presentes bases de desenvolvemento e condicións de participación.

Introdúcese como principal novidade para simplificar a xestión da Campaña e a tramitación administrativa do pago das facturas o emprego da APP do “Rasca e gaña de Cambre” dispoñible nos sitios de descargas de APPS existentes en Internet.

#### **Obxectivo**

1. Fomentar a compra e o consumo nos establecementos comerciais, de servizos persoais e de hostalería do Concello de Cambre a través de bonos para empregar nos establecementos participantes no “Rasca e gaña no Nadal”.

#### **Definicións**

2. **APP:** aplicación dispoñible para *Android* e *ios* nas webs de descarga de referencia, propiedade do Concello, adaptada á xestión da Campaña do “Rasca e gaña no Nadal”.
3. **Empresario/a:** persoa titular dun establecemento participante na Campaña, con independencia de que este desenvolva unha actividade comercial, hostaleira ou de servizos persoais.
4. **Data de inicio da Campaña:** día no que a APP do “Rasca e gaña no Nadal” estea dispoñible para o rexistro por parte dos establecementos participantes na Campaña.

5. **Tique:** aínda que no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, que aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, se establece un sistema de facturación baseado en dous tipos de facturas, a completa u ordinaria e a simplificada, que ven substituír aos denominados tiques, nas presentes bases empregárase **o termo de tique de forma indistinta co de factura simplificada**, xa que estas bases diríxense ao empresariado, no que está moi arraigado o uso deste termo.

### Participantes

6. Poderán participar nesta acción de promoción comercial as seguintes categorías de **establecementos** do Concello de Cambre:

Tipoloxía de establecemento	Modalidade de participación
Venda polo miúdo de agasallos (comercio)	Bonos para gastar nos establecementos adheridos á Campaña
Venda polo miúdo de produtos de alimentación (excepción de supermercados de cadea e medianas e grandes superficies comerciais)	Bonos para gastar nos establecementos adheridos á Campaña  Bonos con premios directos (lotes produtos Nadal)
Perruquería, estética e servizos persoais	Bonos para gastar nos establecementos adheridos á Campaña
Hostalería	Bonos para gastar nos establecementos adheridos á Campaña  Bonos con premios directos (lotes produtos Nadal)
Vendedores/as ambulantes (que participen na Feira de Cambre conforme á súa ordenanza reguladora)	Premios directos (lotes produtos Nadal)  Neste caso, os lotes sortearanse entre a clientela que realice compras nas Feiras desenvolvidas durante o Nadal, conforme ao establecido no punto 28 das presentes bases

### Condicións de participación

7. **Os establecementos deberán rexistrarse na APP do “Rasca e gaña no Nadal”** para poder participar nesta acción, mediante o correspondente formulario de rexistro que se habilitará na mesma, a excepción dos/as vendedores/as ambulantes das Feiras de Cambre. Neste formulario de rexistro recolleranse os datos do establecemento necesarios para poder participar na Campaña, entre os que estarán:
- Denominación do establecemento, actividade, código de identificación fiscal, enderezo, teléfono de contacto e enderezo de correo electrónico.
  - Datos identificativos do seu titular ou representante legal, número de identificación fiscal, enderezo, teléfono de contacto e enderezo de correo electrónico.
  - Outros datos que podan considerarse precisos.
8. A participación dos establecementos na campaña **será gratuíta**.
9. Para lograr unha participación óptima, convidárase a rexistrarse aos establecementos que teñan participado nas campañas de Nadal previas, aos que se sumarán as novas incorporacións correspondentes ao presente exercicio.
10. Os establecementos poderán rexistrarse na APP en calquera momento da Campaña, si ben a orde de rexistro será determinante para distribuír os materiais dispoñibles para a Campaña entre os establecementos rexistrados, ata o seu esgotamento (cartelería, árbores, bonos en formato físico, etc.)
11. Os/as empresarios/as e o seu persoal poderán participar nesta promoción, pero sempre con bonos “Rasca e gaña no Nadal” que non se xeren ou entreguen no seu propio establecemento.

### Modalidades de bonos

12. Coa finalidade de lograr unha implantación progresiva da xestión dixital da Campaña, nesta edición convivirán dúas tipoloxías de bonos:
- **Bonos dixitais** (códigos QRs dixitais): bonos xerados directamente polos establecementos participantes na Campaña cada vez que un cliente efectúe unha compra ou consumo que cumpra coas condicións definidas nas bases.
  - **Bonos físicos** (bonos en papel con códigos QRs impresos): bonos en formato físico distribuídos polos establecementos participantes na Campaña cada vez que un cliente efectúe unha compra ou consumo que cumpra coas condicións definidas nas bases.
    - Destinados prioritariamente aos **establecementos de hostalería e de alimentación**.
    - Poderán destinarse igualmente os **establecementos** que contén **cunha clientela mais tradicional ou cunha maior rotación nas operacións de venda**.
    - Estes bonos poderán usarse fisicamente para o seu canxe ou ben escanearse polo/a cliente dende a súa APP, quedando incorporados á súa carteira para un posterior canxe.
    - Con carácter previo á súa entrega, os establecementos identificarán tódolos seus bonos, escribindo o seu nome comercial ou estampando neles o selo do establecemento ou, no caso de non ter, a sinatura da persoa titular. Este requisito é imprescindible para validar os bonos en formato físico, polo que o Concello de Cambre non aboará ningunha factura nin entregará ningún lote de produtos do Nadal que correspondan con bonos que non estean debidamente selados ou, no seu defecto, asinados polos/as responsables dos establecementos.
13. Os bonos serán únicos e dun solo uso.

### Número de bonos e promocións asociadas

14. Coa finalidade de incentivar o uso de bonos dixitais, o número deste tipo de bonos a xerar polos establecementos participantes non terá límite.
15. O número máximo de bonos en formato físico a distribuír entre os establecementos participantes na Campaña será de 40.000.
16. O número de bonos en formato físico a entregar por establecemento estarán en función da tipoloxía do mesmo, coa seguinte distribución, quedando en todo caso suxeita a súa entrega á dispoñibilidade por parte do Concello:

Tipoloxía de establecemento	Estimación de participantes	Nº máximo bonos formato físico	Total
Hostalería	100	200	20.000
Venda polo miúdo de produtos de alimentación (excepción de supermercados de cadea e medianas e grandes superficies comerciais)	35	150	5.250
Venda polo miúdo de agasallos (comercio)	90	125	11.250
Perruquería, estética e servizos persoais	40	50	2.000
<b>Total</b>	<b>265</b>		<b>38.500</b>

17. Os establecementos poderán solicitar expresamente que se lle entreguen outras cantidades de bonos en formato físico adicionais ás anteriores en función da evolución da Campaña, que se porán á súa disposición polo Concello seguindo a orde cronolóxica das peticións recibidas ata o seu esgotamento.

18. Os bonos poderán ter algunha das seguintes promocións ou recompensas asociadas:

Número de bonos	Promoción ou recompensas asociadas
3	250,00 € por cada bono para compras en calquera dos establecementos participantes na Campaña
25	100,00 € por cada bono para compras en calquera dos establecementos participantes na Campaña
35	50,00 € por cada bono para compras en calquera dos establecementos participantes na Campaña
120	20,00 € por cada bono para compras no mesmo establecemento onde se orixinou
145	10,00 € por cada bono para compras no mesmo establecemento onde se orixinou
345	5,00 € por cada bono para compras no mesmo establecemento onde se orixinou
5	Lotes especiais de produtos do Nadal cun valor estimado no mercado de 125,00 € cada un deles
140	Lotes de produtos do Nadal cun valor estimado no mercado de 65,00 € cada un deles
10	Lotes de produtos do Nadal cun valor estimado no mercado de 65,00 € cada un deles para as Feiras e outras actuacións da Campaña
Variable	Mensaxe “ <b>Bo Nadal. Grazas por seguir apoiándonos</b> ” ou outra de contido análogo

### **Material a poñer a disposición dos establecementos participantes na Campaña**

18.1. Porase a dispor dos establecementos que participen na Campaña, ata o seu esgotamento, os seguintes materiais:

- Un cartel anunciador da promoción para dar a coñecer a Campaña ao público que deberá **expoñerse nun lugar visible** para a clientela, preferentemente no escaparate.
- Unha copia destas bases, dispoñibles igualmente na APP do “rasca e gaña”.
- Unha árbore de Nadal do Concello de Cambre (ata esgotar a dispoñibilidade, unha vez repartidas ás árbores entre os establecementos participantes no concurso de escaparates e atendidas as necesidades de decoración de espazos comerciais e espazos e instalacións municipais que determinen os servizos técnicos do Concello).
- Un lote de bonos en formato físico para aqueles establecementos aos que estes están inicialmente destinado e a aqueles outros que así o demandasen no momento de rexistrarse, con códigos QRs impresos que **poderán xerar** distintas mensaxes unha vez escaneados.

18.2. Os materiais indicados **entregaranse** polos medios propios ou alleos ao Concello de Cambre contratados ao efecto a cada un dos establecementos participantes, con antelación ao comezo da Campaña e sempre dentro do horario comercial.

### **Prazos de xeración e canxe de bonos**

19. **Período de xeración de bonos:** o comprendido entre a data de inicio da Campaña e as **24:00 horas** do día **5 de xaneiro de 2022**.

20. **Período de canxe de bonos:** o comprendido entre a data de inicio da Campaña e as **24:00 horas** do día **31 de xaneiro de 2022**.

### **Operativa dos bonos dixitais**

21.1. Estes bonos requirirán que tanto os establecementos como a súa clientela teñan instalada a APP do “Rasca e gaña” no seu terminal móbil.

21.2. Realizada a operación de compra ou consumo, o establecemento ingresará na APP o seu importe.

- 21.3. O/a cliente premerá un botón que xerará un Código QR no seu dispositivo.
- 21.4. O bono dixital escanearase polo establecemento dende a súa APP. Este proceso xerará a asociación da compra ou consumo do cliente á realización dun sorteo en liña en tempo real. Neste sorteo, o/a cliente/a pode resultar agraciado/a con calquera das promocións ligadas á modalidade de establecemento no que está a comprar (premios para canxear en novas compras ou premios directos).
- 21.5. No caso de que o bono resulte premiado, o premio quedará insertado na APP do cliente para canxear por premios directos ou para empregar en compras posteriores.
- 21.6. Os bonos para canxear por compras de 5,00 €, 10,00 € e 20,00 € deberán utilizarse nunha nova compra posterior no mesmo establecemento onde se obtiveron. A súa validación realizarase polo establecemento dende a súa APP no momento do canxe, no que o establecemento introducirá o importe da venta e escaneará (fotografiará) o tique ou a factura simplificada da mesma, que quedará asociado ao canxe do premio.
- 21.7. Os bonos para canxear por compras de 50,00 €, 100,00 € e 250,00 € poderán utilizarse nunha nova compra en calquera dos establecementos participantes na Campaña, excepción feita dos establecementos de hostalería. No caso de utilizarse nunha nova compra noutro establecemento, a súa validación posterior realizarase identificando ao cliente/a dende a APP do establecemento (escaneo do bono dixital do cliente). Os bonos que o cliente teña activos na súa APP e podan empregarse no establecemento, canxearanse nese momento, e o establecemento introducirá entón o importe da venta e escaneará (fotografiará) desde a súa APP o tique ou a factura simplificada da mesma, que quedará asociado ao canxe do premio.
- 21.8. No caso de bonos premiados con lotes de produtos do Nadal, estes deberán canxearse directamente nas dependencias do Concello.

### **Operativa dos bonos físicos**

- 22.1. Estes bonos requirirán que a clientela dos establecementos que os distribúan teña instalada a APP do “Rasca e gaña” no seu terminal móbil. Igualmente, é recomendable que os establecementos contén coa APP de cara a axilizar a xestión da Campaña.
- 22.2. Existirá un único tipo de bono físico, que permitirá participar tanto en premios directos como canxearse por novas compras nos establecementos participantes na Campaña.
- 22.3. Realizada a operación de compra ou consumo, o establecemento entregará un bono físico cun Código QR impreso para que se participe na promoción.
- 22.4. O bono físico escanearase polo cliente dende a súa APP. Este proceso xerará a asociación da compra ou consumo do cliente á realización dun sorteo en liña en tempo real. Neste sorteo, o/a cliente/a pode resultar agraciado/a con calquera das promocións ligadas á modalidade de establecemento no que está a comprar (premios para canxear en novas compras ou premios directos).
- 22.5. No caso de que o bono resulte premiado, o premio quedará insertado na APP do cliente para canxear por premios directos ou para empregar en compras posteriores.
- 22.6. Os bonos para canxear por compras de 5,00 €, 10,00 € e 20,00 € deberán utilizarse nunha nova compra posterior no mesmo establecemento onde se xeraron. A súa validación realizarase polo establecemento dende a súa APP no momento do canxe, no que introducirá o importe da venta e escaneará o tique ou a factura simplificada da mesma, que quedará asociado ao canxe do premio.

- 22.7. Os bonos para canxear por compras de 50,00 €, 100,00 € e 250,00 € poderán utilizarse nunha nova compra en calquera dos establecementos participantes na Campaña, excepción feita dos establecementos de hostalería. No caso de utilizarse nunha nova compra noutro establecemento, a súa validación posterior realizarase identificando ao cliente/a dende a APP do establecemento (escaneo do bono físico premiado ou do código QR da APP do cliente). Os bonos que o cliente teña activos e podan empregarse no establecemento canxearanse nese momento e o establecemento introducirá entón o importe da venta e escaneará (fotografiará) desde a súa APP o tique ou a factura simplificada da mesma, que quedará asociado ao canxe do premio.
- 22.8. No caso de bonos premiados con lotes de produtos do Nadal, estes deberán canxearse directamente nas dependencias do Concello.

### **Notas comúns a todos os bonos**

- 23.1. Canxeado un bono, este se marca como canxeado e xa non poderá usarse novamente.
- 23.2. Escaneado un bono dixital ou un bono físico, si volve a escanearse, a mensaxe sempre será a mesma “código xa empregado”. O cliente/a xa o escaneara e como resultou premiado, xa ten o premio cargado na súa carteira da APP, tendo recibido ademais as correspondentes notificacións.
- 23.3. Todas as operacións realizadas quedarán automaticamente almacenados na APP do “Rasca e gaña” aos efectos de control e facturación ao Concello, substituíndose a todos os efectos os bonos tradicionais e os xustificantes de compra en papel polos rexistros na APP.
- 23.4. Cada establecemento deberá responsabilizarse da correcta xeración ou entrega de bonos, así como do seu canxe e manexo da APP.

### **Xeración ou entrega de bonos do “Rasca e gaña no Nadal” entre a clientela e validación**

- 24.1. Os establecementos poderán xerar os bonos dixitais ou entregar a totalidade dos bonos físicos dos que dispoñan entre á súa clientela **dende a data de inicio da Campaña**, ata as 24:00 horas do día **5 de xaneiro de 2022**.
- 24.2. Cada establecemento determinará a cantidade mínima de compra ou consumo que considere necesaria para activar dixitalmente un bono ou para entregar un bono físico á súa clientela, da forma que considere máis axeitada á súa política comercial, sen que poda xerarse ou entregarse mais dun bono por cada operación, con independencia do importe de cada compra.
- 24.3. Os bonos deberán validarse no momento da súa xeración dixital (mediante a introdución do importe da compra na APP por parte do/a empresario/a) ou entrega física (mediante o escaneo do bono físico na APP por parte da clientela).
- 24.4. No caso de resultar premiados, os bonos deberán estar asociados cos tiques de compra ou facturas simplificadas correspondentes ás operacións nas que se materializou o seu canxe.

### **Procedemento a seguir cos bonos premiados con lotes de produtos do Nadal (lote e lote especial de produtos do Nadal)**

- 25.1. Estes bonos deberán canxearse directamente nas dependencias do Concello.

- 25.2. Presentarase obrigatoriamente o bono premiado en formato físico ou dixital (gardado na APP do/a cliente/a) no Concello. O persoal municipal validará o bono por medio da APP do “Rasca e gaña”, identificando á persoa premiada e recollendo os seus datos de ser isto necesario (nome, DNI/NIE e teléfono de contacto). A persoa agraciada asinará o correspondente recibí no momento da entrega.
- 25.3. As persoas gañadoras poderán retirar na ADL (Rúa Wenceslao Fernández Flórez, 1, Cambre) o seu premio en horario de 08:00 a 15:00. O Concello poderá, de común acordo co/a empresario/a, realizar entregas nos establecementos participantes na Campaña para contribuír á súa difusión.

#### ***Procedemento a seguir cos bonos premiados de 5,00 €, 10,00 € e 20,00 €***

- 26.1. Os bonos dixitais ou físicos que conteñan premios para canxear por compras de **5,00 €, 10,00 € e 20,00 €**, **deberán utilizarse nunha nova compra NO MESMO ESTABLECEMENTO ONDE SE OBTIVERON, antes das 24:00 horas do 31 de xaneiro de 2022.**
- 26.2. Para o canxe dos bonos premiados estes deberán presentarse no establecemento, que empregará a APP do “Rasca e gaña” para validalos.
- 26.3. Unha vez validado o bono, o/a empresario/a que o canxee deberá introducir na APP do “Rasca e gaña” o importe da venta correspondente a esta operación e escanear (fotografiar) a factura simplificada ou tique de compra da mesma, quedando asociado o bono á operación de canxe na que se materializou.
- 26.4. Para o abono aos establecementos dos bonos canxeados, será imprescindible que estes queden asociados a través da APP ás facturas simplificadas, tiques de compra ou documentos equivalentes relacionados coa operación do seu canxe.

#### ***Procedemento a seguir cos bonos premiados de 50,00 €, 100,00 € e 250,00 €***

- 27.1. Os bonos dixitais ou físicos que conteñan premios para canxear por compras de **50,00 €, 100,00 € e 250,00 €**, **deberán utilizarse nunha nova compra EN CALQUERA DOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES NA CAMPAÑA, antes das 24:00 horas do 31 de xaneiro de 2022.**
- 27.2. Para o canxe dos bonos premiados, estes deberán presentarse no establecemento, que empregará a APP do “Rasca e gaña” para validalos.
- 27.3. Unha vez validado o bono, o/a empresario/a que o canxee deberá introducir na APP do “Rasca e gaña” o importe da venta correspondente a esta operación e escanear (fotografiar) a factura simplificada ou tique de compra da mesma, quedando asociado o bono á operación de canxe na que se materializou.
- 27.4. Para o abono aos establecementos dos bonos canxeados, será imprescindible que estes queden asociados a través da APP ás facturas simplificadas, tiques de compra ou documentos equivalentes relacionados coa operación do seu canxe.
- 27.5. Para facilitar o canxe en varios establecementos, os bonos premiados con 250,00 € poderán empregarse nun máximo de 5 establecementos, mediante canxes parciais de 50,00 € cada un deles. Cada canxe de 50,00 € deben realizarse nun so establecemento e quedar igualmente asociado a un importe de venta a introducir na APP polo establecemento e a factura simplificada ou tique de compra que será escaneado polo establecemento, pasando entón a integrar o saldo de bonos a facturar ao Concello.



### **Sorteo de lotes de produtos de Nadal nas Feiras**

- 28.1. Co ánimo de dinamizar a participación nas Feiras de Cambre, sortearanse premios directos (lotes de produtos de Nadal) entre a súa clientela.
- 28.2. Os lotes asignados a esta modalidade (8 valorados en 65,00 €), distribuiranse tal e como se indica de seguido:
- 3 lotes valorados en 65,00 € para sortear na feira a celebrar o segundo sábado do mes de decembro en O Temple (11/12/2021).
  - 5 lotes valorados en 65,00 € para sortear na feira a celebrar o terceiro domingo do mes de decembro en Cambre (19/12/2021).
  - No caso de que non puidera celebrarse algunha das feiras indicadas, os lotes se asignarán á seguinte feira que se realice.
- 28.3. Os boletos para participar no sorteo entregaranse polo persoal do Concello de Cambre aos/as vendedores/as que asistan a cada unha das Feiras, para que estes os distribúan entre a súa clientela.
- 28.4. Os/as vendedores/as deberán entregar un único boleto a cada comprador/a que realice unha compra no seu posto. Nin as persoas titulares dos postos, nin o persoal dos mesmos poderán participar no sorteos. O persoal do concello de Cambre tampouco poderá participar nestes sorteos.
- 28.5. Os/as compradores/as depositarán os boletos, **nos que indicarán obrigatoriamente un número de teléfono aos efectos de facilitar a comunicación no caso de resultaren premiados**, na furna situada na Feira, quedando esta custodiada polo persoal municipal. Soamente poderán depositar os seu boletos aqueles compradores/as que evidencien a realización de compras nas feiras de Cambre.
- 28.6. O primeiro día hábil seguinte á celebración da Feira terá lugar ás 12:00 horas o sorteo entre os boletos depositados na furna, nas dependencias da Axencia de Desenvolvemento Local. O sorteo será un acto aberto ao público. Extraeranse o mesmo número de boletos que lotes a distribuír en cada Feira e, a continuación, tantos boletos de reserva como lotes a distribuír para os casos de non se conseguise contactar coas persoas inicialmente gañadoras no prazo de tres días hábiles seguintes aos sorteos, ou no suposto de que se verifique que as persoas gañadoras non cumprisen cos requisitos para ter participado nos sorteos.
- 28.7. Non se admitirán como gañadores boletos que non inclúan un número de teléfono de contacto.
- 28.8. O resultado do sorteo quedará recollido na correspondente acta, asinada polo persoal técnico asistente ao acto, á que se xuntarán os boletos gañadores, os boletos de reserva e a listaxe de asistentes ao acto.
- 28.9. O persoal da Axencia de Desenvolvemento Local contactará coas persoas gañadoras unha vez rematado o sorteo, facéndolles entrega dos lotes nas dependencias da Axencia:
- O persoal municipal validará os premios mediante a comprobación do número de resguardo da parte do boleto que conservará a persoa premiada, que deberá presentalo para recibir o seu lote.
  - Identificarase ás persoas premiadas co seu nome e apelidos, documento de identificación e datos de contacto no momento de proceder á entrega do lote, asinando estas correspondente recibín.

### **Facturación dos premios do “Rasca e gaña no Nadal” por parte dos establecementos ao Concello**

- 29.1. **Prazo:** para o **cobro dos bonos** canxeados, os establecementos deberán presentar a **correspondente factura** ao concello de Cambre entre os días **1 e 28 febreiro de 2022, ambos incluídos**.

29.2. **Contido das facturas:** a factura, da que se achega un modelo como anexo I “Modelo de factura”, debe conter a seguinte información:

- Cliente: **Concello de Cambre**  
**Rúa Adro, 1**  
**15660 Cambre**  
**CIF P-1501700-G**
- Concepto: campaña “**Rasca e gaña no Nadal**”.
- No caso de non consignarse por separado a cota tributaria, deberá conter a expresión “**IVE incluído**”.
- Cada establecemento deberá presentar **unha única factura** comprensiva de todos os bonos canxeados no seu establecemento, **conforme ao saldo recollido e documentado na APP de xestión da Campaña, ao que terán acceso en todo momento**. Neste sentido, indicar que a APP do “Rasca e gaña” permitirá obter un informe de liquidación por establecemento para abonar os saldos resultantes da Campaña.

29.3. Presentarase igualmente un **certificado de conta bancaria** para a realización da transferencia de pagamento **ou, no seu caso, a indicación de que esta figura xa en poder do Concello de Cambre**.

29.4. Por medio da APP do “Rasca e gaña” disporase de todos os bonos dixitais ou físicos premiados asociados a cada establecemento, así como das facturas simplificadas ou tiques de compra nos que se materializou cada canxe, **polo que non deberán achegarse fisicamente nin bonos en formato físico, nin tiques ou facturas simplificadas ou documentos equivalentes**.

29.5. **Forma de presentación:** as facturas presentarase por medio dunha solicitude xeral nun trámite específico habilitado na sede electrónica do Concello, na sección de “Varios” co nome de “Rasca e gaña do Nadal 2021 - Presentación de facturas”.

29.6. As persoas físicas poderán presentar as facturas emitidas ao concello de Cambre en persoa nos rexistros do Concello.

29.7. As persoas xurídicas deberá presentar as facturas a través da plataforma FACe e a documentación complementaria (certificado de conta bancaria), a través da sede electrónica do Concello.

- Se a forma xurídica da empresa fora a de sociedade anónima ou sociedade de responsabilidade limitada, esta deberá utilizar a facturación electrónica, salvo que se trate da primeira factura emitida a este Concello.
- Para o cumprimento da obriga de facturación electrónica infórmase que o Concello de Cambre está adherido á utilización da plataforma FACe-Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (regulada na Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, BOE nº 154, 25/06/14, e na Resolución de 25 de xuño de 2014, da Secretaría do Estado de Administracións Públicas, BOE nº 157, 28/06/2014). O acceso a esta Plataforma e a información sobre a mesma realizarase a través da seguinte URL: <https://face.gob.es>
- Os tres códigos necesarios para a facturación son os seguintes:

Oficina Contable	Órgano Xestor	Unidade Tramitadora
GE0002418 intervención	LA0004868 alcaldía	LA0004869 Concejalía Hacienda

Facturas emitidas ao Concello de Cambre e restante documentación (certificado de conta bancaria)	
<b>Persoas físicas</b>	<p>En persoa (nos rexistros do Concello). No caso de optar, as persoas físicas, por realizar esta presentación de forma presencial, deberá solicitarse <b>Cita Previa</b> na seguinte <b>ligazón</b> (<a href="https://sede.cambre.es/opencms/gl/cita/index.html">https://sede.cambre.es/opencms/gl/cita/index.html</a>), por medio del teléfono 981 613128 ou a través do correo electrónico <a href="mailto:cambre@cambre.org">cambre@cambre.org</a></p> <p>Ou de forma telemática (na sede electrónica do Concello) <a href="https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral">https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral</a></p> <p>Ou a través da plataforma FACe (Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado) <a href="https://face.gob.es">https://face.gob.es</a></p>
<b>Persoas xurídicas</b>	<p><b>A factura:</b> obrigatoriamente a través da plataforma FACe (Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado) <a href="https://face.gob.es">https://face.gob.es</a></p> <p><b>O certificado de conta:</b> de forma telemática (na sede electrónica do Concello) <a href="https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral">https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral</a></p>

- 29.8. É responsabilidade dos establecementos participantes escanear coa APP do “Rasca e gaña” as facturas simplificadas ou tiques de compra que orixinaron os premios e as emitidas con ocasión do seu canxe para a validez das facturas.
- 29.9. Os establecementos participantes e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Cambre, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos de participación na Campaña e, nomeadamente, para cumprir cos requisitos establecidos nestas bases en canto ao abono dos premios do “Rasca e gaña” do Nadal. Ademais facilitaránlle á Intervención Municipal toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control da Campaña.
- 29.10. O feito de participar nesta acción de promoción comercial significa **aceptar as bases establecidas** polo Concello de Cambre, que se atopan expostas na web [www.cambre.es](http://www.cambre.es). Poden ser consultadas por calquera persoa interesada. Para calquera aclaración, establécense os seguintes teléfonos de contacto: **Axencia de Desenvolvemento Local: 981 613 196 / 981 613 128 - [adl@cambre.org](mailto:adl@cambre.org)**

## ANEXO I MODELO DE FACTURA

### RASCA E GAÑA 21 - 22

Nome do establecemento:  
Nome e apelidos do empresario individual ou denominación social:  
NIF:  
Enderezo:  
15 \_\_\_ Cambre  
A Coruña

**Concello de Cambre**  
Rúa Adro 1  
15660 Cambre (A Coruña)  
C.I.F.: P1501700G

Data: \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Nº de factura: \_\_\_\_

CONCEPTO	IMPORTE €
Campaña Rasca e Gaña do Nadal 2021 - 2022	000,00 €
<b>TOTAL FACTURA</b>	<b>000,00 €</b>
	(IVE INCLUÍDO)

Número de conta de abono: ES \_\_ \_

## ANEXO II INSTRUCCIÓN PARA OS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES - RASCA E GAÑA 2021-2022

### Preparación e xeración e entrega dos rascas

1. **Descargue e instale nun dispositivo móbil do seu establecemento a APP do “Rasca e gaña”.**
2. No caso de contar con **bonos en formato físico**, con carácter previo á súa entrega, identifíqueos, escribindo o seu nome comercial ou estampando neles o selo do establecemento ou, no caso de non ter, a sinatura da persoa titular. Este requisito é imprescindible para validar os bonos en formato físico, polo que o Concello de Cambre non aboará ningunha factura nin entregará ningún lote de produtos do Nadal que correspondan con bonos que non estean debidamente selados ou, no seu defecto, asinados polos/as responsables dos establecementos.
3. Xenere os bonos dixitais ou entregue os bonos físicos á súa clientela ata **as 24:00 horas do 5 de xaneiro de 2022.**
4. Vostede determinará a cantidade mínima do importe da operación para xerar bonos dixitais ou entregar bonos físicos da forma que considere máis axeitado a súa política comercial
5. **Os bonos deberán escanearse no momento da súa xeración ou entrega** para determinar si obtiveron premio ou non.

### Actuación no caso de Rascas de Nadal gañadores

6. Si un “Rasca e gaña do Nadal” resultase premiado cun **lote de produtos de Nadal**:
  - 6.1. O premio notificarase automaticamente pola APP ao Concello, podendo coordinarse a través do teléfono 981 613196 ou por email [adl@cambre.org](mailto:adl@cambre.org) a súa recollida, nas dependencias da ADL en horario de 08:00 a a15:00 p.m. Nalgunhas ocasións, e de común acordo co/a empresario/a, poderán entregarse nos establecementos participantes para contribuír á difusión da Campaña.
  - 6.2. Para retirar o premio das dependencias do Concello será preciso mostrar o bono dixital ou físico premiado e proporcionarlle ao Concello o nome, DNI/NIE e teléfono de contacto.
7. Si un “Rasca e gaña do Nadal” resultase premiado cun **bono de 5,00 euros, 10,00 € ou 20,00 €**:
  - 7.1. **Deberá utilizarse nunha nova compra no seu establecemento antes do 31 de xaneiro de 2022.**
  - 7.2. Deberá amosarse o bono dixital ou físico premiado ao establecemento para o seu escaneo e validación no momento do seu canxe coa APP do “Rasca e gaña”.
  - 7.3. Deberá introducirse o importe da venta e escanearse a factura simplificada ou o tique de compra correspondente á operación de canxe dos bonos.
8. Si un “Rasca e gaña do Nadal” resultase premiado cun **bono de 50,00 €, 100,00 € ou 250,00 €**:
  - 8.1. **Deberá utilizarse nunha nova compra en calquera establecemento participante na Campaña antes do 31 de xaneiro de 2022.**
  - 8.2. Deberá amosarse o bono dixital ou físico premiado ao establecemento para o seu escaneo e validación no momento do seu canxe coa APP do “Rasca e gaña”.
  - 8.3. Deberá introducirse o importe da venta e escanearse a factura simplificada ou o tique de compra correspondente á operación de canxe dos bonos.
  - 8.4. Para facilitar o seu canxe, os bonos premiados con 250,00 € poderán empregarse nun máximo de 5 establecementos, mediante canxes parciais de 50,00 € cada un deles. Cada un destes canxes de 50,00 € deben realizarse nun so establecemento, escaneando cada establecemento a factura simplificada ou tique correspondente ao canxe.

### Actuación no caso de compras con Rascas de Nadal entregados noutros establecementos

9. Si un “Rasca e gaña do Nadal” resultase premiado cun bono de 50,00 €, 100,00 € ou 250,00 € a gastar no seu establecemento:
  - 9.1. Deberá utilizarse nunha nova compra antes do 31 de xaneiro de 2022.
  - 9.2. Deberá amosarse o bono premiado (dixital ou físico) ao seu establecemento para o seu escaneo e validación no momento do seu canxe coa APP do “Rasca e gaña”.
  - 9.3. Deberá introducirse o importe da venta e escanearse a factura simplificada ou o tique de compra correspondente á operación do canxe do bono.

## ANEXO IV INSTRUCCIÓN PARA A FACTURACIÓN AO CONCELLO DE CAMBRE - RASCA E GAÑA 2021 - 2022

Para o **cobro dos bonos** por canxeados nos establecementos, os/as empresarios deberán presentarse **UNHA ÚNICA FACTURA COMPRENSIVA DE TODOS OS BONOS**.

1. **Cándo:** ENTRE OS DÍAS 1 E O 28 DE FEBREIRO DE 2022, ambos incluídos.
2. **Ónde e cómo:**

### Facturas emitidas ao Concello de Cambre e restante documentación (certificado de conta bancaria)

<b>Persoas físicas</b>	<p>En persoa (nos rexistros do Concello). No caso de optar, as persoas físicas, por realizar a presentación de forma presencial, deberá solicitarse <b>Cita Previa</b> na seguinte <b>ligazón</b> (<a href="https://sede.cambre.es/opencms/gl/cita/index.html">https://sede.cambre.es/opencms/gl/cita/index.html</a>), por medio del teléfono 981 613128 ou a través do correo electrónico <a href="mailto:cambre@cambre.org">cambre@cambre.org</a></p> <p>Ou de forma telemática (na sede electrónica do Concello) <a href="https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral">https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral</a></p> <p>Ou a través da plataforma FACe (Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado) <a href="https://face.gob.es">https://face.gob.es</a></p>
<b>Persoas xurídicas</b>	<p><b>A factura:</b> obrigatoriamente a través da plataforma FACe (Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado) <a href="https://face.gob.es">https://face.gob.es</a></p> <p><b>O certificado de conta:</b> de forma telemática (na sede electrónica do Concello) <a href="https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral">https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral</a></p>

- No caso de facer a presentación telemática do certificado de conta bancaria (obrigatoriamente para as persoas xurídicas e voluntariamente para as persoas físicas), empregarase a sede electrónica do Concello <https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/PresentacionFrasRascayGana2021>
- Para poder facer a anteriormente indicada presentación telemática, precísase dispoñer dun DNI ou Certificado Electrónico ou Clave Permanente de Acceso (<https://pasarela.clave.gob.es/Proxy2/ServiceProvider>)

### 3. Qué hai que presentar:

- **A factura**
  - **Unha única factura** comprensiva de todos os bonos premiados utilizados no seu establecemento **conforme ao saldo rexistrado e documentado na APP do “Rasca e gaña**, que poderá comprobar en cada momento.
  - Deberá incluír o concepto **Campaña “Rasca e gaña no Nadal”** ou outro similar.
  - Deberá estar **emitida a nome do Concello de Cambre**, contendo os seguintes datos de identificación:  
Concello de Cambre - Rúa Adro, 1 - 15660 Cambre - CIF P-1501700-G
  - No caso de non consignarse por separado a cota tributaria, deberá conter a expresión **“IVE incluído”**.
- Un **certificado de conta bancaria** para a realización da transferencia de pagamento ou, no seu caso, a indicación de este obra xa en poder do Concello.
- Na APP de xestión da Campaña quedarán rexistrados todos os bonos premiados e canxeados e os tiques, facturas simplificadas ou documentos equivalentes asociados aos mesmos de cada establecemento, **polo que non se entregarán fisicamente**.

**Segundo:** aprobar o gasto correspondente á campaña do Rasca e Gaña do Nadal 2021 - 2022 por importe de vinte mil novecentos cincuenta euros (20.950,00 €), imputables á aplicación orzamentaria “433 48100 Becas e premios promoción empresarial”.

**Terceiro:** publicar as presentes bases na páxina web do Concello de Cambre.

**Cuarto:** dar traslado aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.

Cambre na data da sinatura electrónica

O concelleiro delegado  
Diego Alcantarilla Rei

Dou fe  
A secretaria accidental  
Veronica María Otero López